**SEXTA.-** En consonancia con lo dispuesto en la ley 3/2012 art. 55. j):

*O réxime de adopción de acordos dos órganos colexiados, a súa impugnación, así como o sistema propio da súa publicidade entre os membros da federación.*

Se modifica el artículo 11ª DISPOSICIÓN COMÚNS ÓS ÓRGANOS COLEXIADOS. (TITULO III. ESTRUCTURA ORGÁNICA XERAL) y se establece el procedimiento de impugnación de los acuerdos tomados por los órganos colegiados de la FGT.

***Artigo 11. Disposicións comúns ós órganos colexiados.***

A convocatoria dos órganos federativos colexiados corresponderalle ó seu Presidente e o Secretario levantará a correspondente acta dos acordos, especificando o nome das persoas que interviñesen e as demais circunstancias que se consideren convenientes, así como o resultado da votación e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado.

Os votos contrarios ó acordo adoptado ou ás abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que eventualmente se puidesen derivar dos acordos dos órganos colexiados.

Quedará válidamente constituido o órgano colexiado aínda que non se cumprisen os requisitos de convocatoria se concorren tódolos seus membros e así o acordan por unanimidade, ou se con posterioridade manifestan a súa adhesión incondicional ós acordos tomados a totalidade dos que non asistiron.

Impugnación dos acordos dos órganos colexiados:

1. Os acordos e actuacións dos órganos da FGT poderán ser impugnados por calquera federado ou persoa que acredite un interés lexítimo, se os estimase contrarios ó ordeamento xurídico, polos trámites do xuizo que corresponda.

2. Os federados poderán impugnar os acordos e actuacións da FGT que estimen contrarios ós Estatutos dentro do prazo de corenta días, a partir da data de adopción dos mesmos, instanto a súa rectificación ou anulación e a suspensión preventiva no seu caso, ou acumulando ambas pretensións polos trámites establecidos na Lei de Enxuizamento Civil.

3. A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será competente en tódalas cuestións que se susciten nos procedementos administrativos instruídos en aplicación da Lei Orgánica 1/2002,de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, de conformidade coas reglas establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial e na Lei reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**SÉPTIMA.-**Se modifica el artículo 12º.- INCOMPATIBILIDADES para adaptarlo al artículo 58.3 de la ley 3/2012.

*Artigo 58. Organos de goberno, de representación e de disciplina deportiva.*

*A presidenta ou presidente é o órgano executivo da federación, exerce a representación legal e preside os órganos de representación e de gobernó executando os seus acordos. A persoa titular da presidencia será elixida mediante sufraxio libre, igual e secreto polos componentes da asamblea xeral, sen que teña que ser membro desta, e non poderá desempeñar ninguna outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa.*

*Non se poderá simultanear a presidencia dun club deportivo coa presidencia da federación deportiva na que se integre o devandito club.*

Federación Gallega de Tenis
Fotógrafo Luis Ksado, 17-bajo, Of.1
36209 VIGO
Tel. (986) 212982 Fax (986) 207399
www.fgtenis.net
FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

La redacción del ART: 12º propuesta es la siguiente:

***Artigo 12. Incompatibilidades.***

Son causas de inelixibilidade para o desempeño dos cargos de membro da Asemblea Xeral, da Comisión Delegada da Asemblea, de Presidente, e de membro da Xunta Directiva da FGT as seguintes:

a) Ter sido condenado mediante sentencia xudicial firme que leve anexa a pena principal ou accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público.
b) Ter sido declarado incapaz por decisión xudicial firme.
c) Atoparse inhabilitado para o exercicio de cargos federativos por sanción firme.

O Presidente da FGT deberá ser cidadán de Galicia, segundo o disposto no Estatuto de Autonomía. O cargo de Presidente da FGT é incompatible cos cargos de presidente doutra federación, de presidente ou directivo dun club de tenis e con calquera actividade directiva ou de representación dentro da propia estructura da FGT.

Cando sobreveña unha causa de incompatibilidade inicialmente non existente, a persoa afectada deberá cesar automáticamente no cargo que ocupe.

**OCTAVA.-** De conformidad con el artículo 62 de la ley se incluye expresamente en los estatutos un artículo específico referente al régimen de responsabilidad de los presidentes y miembros de las Juntas Directivas de la FGT .

*Artículo 62. Rexime de responsabilidade das presidentas ou dos presidentes e dos membros das xuntas directivas*

*1. As presidentas ou os presidentes e os membros das xuntas directivas ou dos órganos de dirección que se puidesen establecer estatutariamente serán persoalmente responsables, fronte á propia federación, fronte aos seus membros ou fronte a terceiros:*

*a) Das obrigas que contraese a federación e que non teñan, ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuren nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que non reflicta a natureza e o alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir aquela.*

*b) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.*

Federación Gallega de Tenis
Fotógrafo Luis Ksado, 17-bajo, Of.1
36209 VIGO
Tel. (986) 212982 Fax (986) 207399
www.fgtenis.net

FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

c) *En xeral, dos actos ou das omisións que supoñan un prexuízo para a federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.*

*2. A responsabilidade descrita na alínea anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non interviñesen na súa adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou, coñecéndoo, se opuxesen expresamente a aquel.*

*3. A responsabilidade regulada neste artigo é independente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incorrer, e que se esixirá consonte as disposicións xerais desta lei.*

A la vista del artículo previo la redacción propuesta para el ART. 13.- SISTEMA DE RESPONSABILIDADE DOS ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN DA FGT es de la siguiente manera:

***Artigo 13.. Sistema de responsabilidade dos órganos de representación da FGT.***

Polas responsabilidades federativas nas que poidan incorrer no desempeño das súas funcións, os membros da Asemblea Xeral e da súa Comisión Delegada, así coma o Presidente da FGT, responderán perante a propia Asemblea Xeral. Os restantes órganos responderán ante o Presidente da FGT. Todo isto sen prexuízo das demais accións legais e xudiciais de calquera tipo que poidan derivar das conductas individuais ou colectivas dos órganos da FGT. Para estes efectos, o Presidente da FGT estará facultado, no nome desta, para interpoñer e seguir tales accións.

Asimesmo o Presidente e os membros dos órganos de representación da FGT establecidos estaturiamente serán personalmente responsables, fronte a propia federación, fronte aos seus membros ou frente a terceiros:

a) Das obrigas que contraese a federación e que non teñan ou tivesen, o adecuado apoio contable, non figuen nas contas presentadas e aprobadas, ou sexan obxecto dunha contabilización que nos reflicta a natureza e o alcance da obriga en cuestión, e que distorsione a imaxe fiel que debe producir de aquela.
b) Das obrigas que contraese contra a prohibición expresa doutros órganos federativos competentes ou da Administración autonómica, así como das obrigas que impliquen un déficit non autorizado ou fóra dos límites da autorización.
c) En xeral, dos actos ou das omisión que suponen un prexuízo para a federación cando sexan realizados vulnerando normas de obrigado cumprimento.

A responsabilidade descrita no apartado anterior poderase esixir no caso de existencia de dolo ou culpa na actuación dos suxeitos responsables. En todo caso, quedarán exentos de responsabilidade aqueles que votasen en contra do acordo ou non interviñesen na suá adopción ou execución, ou aqueles que o descoñecesen ou coñecendoo, se opuxens expresamente a aquel.

A responsabilidade regulada neste artigo é independiente da responsabilidade disciplinaria na que se puidese incorrer, e que se esixirá consonte as disposición xerais.

**OCTAVA.-** Se establecen las causas de cese de los miembros de la Asamblea General así como el procedimiento para cubrir las vacantes surgidas en la misma.

Se propone la siguiente redacción:

***Artigo 14. A Asamblea Xeral da FGT. Composición.***

A Asemblea Xeral é o órgano superior da FGT e estará integrada por un número máximo de 50 membros.

A convocatoria de eleccións deberá indicar expresamente o número de membros da Asamblea Xeral en cada un dos seus estamentos.

Os membros da Asamblea serán elixidos, conforme ó disposto na parte correspondente destes estatutos, cada catro anos, coincidindo cos Xogos Olímpicos de Inverno, por sufraxio libre, secreto, igual e directo, por e entre os integrantes maiores de idade de cada estamento.

As eleccións á Asamblea Xeral a serán acordadas por esta, que aprobará a convocatoria con todos os Requisitos que se establezcan no Regulamento electoral que a tal efecto se aprobe.

A Asamblea Xeral estará constituída polo Presidente Da Federación Galega e por representantes dos clubes deportivos, deportistas, técnicos-adestradores e xuíces-árbitros.

Representantes do estamento de clubs deportivos.
TOTAL............................. 32 membros 64 %
Representantes do estamento de deportistas
TOTAL............................. 12 membros 24 %
Representantes do estamento de técnicos-adestradores.
TOTAL............................. 3 membros 6%
Representantes do estamento de xuíces-árbitros
TOTAL............................. 3 membros 6%

Os Clubes Deportivos no poderán ser membros da Asamblea Xeral se no momento da convocatoria de eleccións non figuran inscritos no Rexistro de Entidades Deportivas da Xunta de Galicia.

Os representantes dos estamentos de técnicos-adestradores e de xuíces-árbitros pertencerán a unha circunscrición única, correspondente á totalidade do

territorio galego.

Os representantes dos estamentos de clubs deportivos e deportistas distribuiranse, para cada elección a membros da Asemblea Xeral, entre as circunscricións provinciais constituidas polos distintos clubs galegos.

A distribución provincial efectuarase automáticamente tomando como base as proporcionalidades existentes, entre o total autonómico de electores e elixibles e o correspondente a cada provincia.

Se un membro electo da Asamblea perdera a condición pola que foi elexido, causará baixa automáticamente naquela, procedendo a súa substitución da forma que marque o correspondente Regulamento Electoral.

Os membros da Asamblea Xeral cesarán polas seguintes causas:

g) Defunción
h) Disolución do Clube ou entidade á que representen
i) Expiración do plazo do mandato para o que foron elexidos
j) Renuncia ou dimisión
k) Por sanción disciplinaria imposta en forma regulamentaria que implique o cesamento no cargo que exerce.
l) Incapacidade ou inhabilitación absoluta ou especial declarada en sentencia xudicial firme.

Ás sesións da Asemblea poderá asistir, con voz pero sen voto, o Presidente saínte do último mandato.

**NOVENA.-** Motivada por el artículo 61.4. de la ley 3/2012: Se propone para el ART. 16º.- RÉXIME DE FUNCIONAMENTO DA ASEMBLEA XERAL DA FGT la siguiente modificación

*Artículo 61.4. Réxime económico.*

[….]

*As federacións deportivas galegas aprobarán en asamblea, e durante o último trimestre do seu exercicio económico, o orzamento correspondente ao seguinte exercicio. Este orzamento debe ser equilibrado e non deficitario e enténdese condicionado, no que as subvencións públicas se refire, ás condicións de aprobación dos orzamentos de Galicia. O devandito orzamento deberá remitirse a Adminstración deportiva no parzo dun mes desde a súa aprobación.*

***Artigo 16. Réxime de funcionamiento da Asamblea Xeral da FGT.***

A Asemblea Xeral reunirase necesariamente unha vez ó ano para os fins da súa competencia. Esta Asemblea terá carácter de ordinaria e será o Presidente quen a convoque.

En todo caso a Asamblea Xeral reunirase de forma obligatoria durante o último trimestre do seu exercicio económico, onde aprobará o presuposto correspondente o seguinte exercicio..
[….]

**DÉCIMA.-** Se realizan modificaciones en el ART. 21º. ELECCIÓN DO PRESIDENTE DA FGT en consonancia con el artículo 58.3. de la Ley:

*[….]A persoa titular da presidencia será elixida mediante sufraxio libre, igual e secreto polos componentes da asamblea xeral, sen que teña ser membro desta, e non poderá desempeñar ninguna outra actividade directiva ou de representación dentro da propia estrutura federativa.*

***Artigo 21. Elección do presidente da FGT.***

O Presidente da FGT elixirase cada catro anos, coincidindo cos anos de Xogos Olímpicos de Inverno, mediante sufraxio libre, directo, igual e secreto, polos 0membros da Asemblea Xeral, que se debe elixir previamente para o mesmo período, sin que teña que ser membro de ésta.

Os candidatos deberán ser presentados, como mínimo polo dez por cento dos membros da Asemblea, e a súa elección producirase por un sistema de dobre volta, no caso de que nunha primeira volta ningún candidato acade a maioría absoluta dos votos emitidos. Polo demais será de aplicación o disposto nos presentes estatutos en materia electoral.

O presidente da Federación Galega de tenis poderá como máximo ser reelexido nunha ocasión, cumplindo polo tanto como máximo dúas lexislaturas.

**UNDECIMA.-** El Artículo 59 de la Ley determina la obligatoriedad de la figura del Secretario, por lo que se modifica el artículo 25 de los estatutos para adaptar su redacción a la Ley

*Artigo 59. Da secretaría.*

*Para o desempeño das funcións administrativas, en cada federación deportiva galega haberá unha secretaria ou un secretario que será designado e separado pola presidenta ou polo presidente. Serán funcións da persoa titular da secretaría a redacción das actas e custodia destas e dos arquivos da federación, o control e a fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, así como a de contabilidade e tesouraría, no caso de non existir a figura de tesoureiro.*

***Artigo 25. O Secretario/a.***

En consonancia co Artigo 59 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, para o desempeño das función administrativas na FGT haberá un secretario ou secretaria, que será designado e separado polo presidente ou presidenta.

En cuanto a las funciones del Secretario se proponen las siguientes modificaciones:

a) Levantar actas das reunións dos órganos de goberno e representación nos casos legal e estatutariamente previstos, con indicación dos asistentes, temas tratados, o resultado das votacións e, se é o caso, os votos particulares contrarios ó acordo adoptado. Os votos contrarios ó acordo adoptado, ou as abstencións motivadas eximirán das responsabilidades que se puidesen derivar, se é o caso, dos acordos dos órganos colexiados., una vez aprobadas, asinalas con visto e prace do Presidente.
b) Custiodar as actas das reunión dos órganos de gobernó e representación e dos arquivos da federación.
c) Expedi-las certificacións oportunas dos actos dos órganos de goberno e representación da FGT.
d) Remitir á Administración deportiva de Galicia as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Comisión Delegada no prazo de quince días a contar desde a data da súa celebración, así como as certificación e acordos que procedan.
e) Levar o control e fiscalización da xestión económico-administrativa e presupuestaria, así como o da contabilidade e tesourería, no caso de non existir a figura do tesoreiro.
f) Cantas funcións lle encomenden os regulamentos da Federación ou lle sexan delegadas polo Presidente.

**DUODÉCIMA.-** De acuerdo con los artículos 55. m) y 61.3 de la ley, se realizan una serie de modificaciones relativas al régimen económico de la FGT:

*Art. 55 m) O réxime económico-financeiro, que deberá precisar o carácter, a procedencia, a administración e o destino de todos os seus recursos, así como a data de peche do exercicio económico da federación.*

*Art. 61. 3. Será necesaria a autorización da Administración autonómica para a venda ou para o gravame dos bens inmobles cuxa titularidade lles corresponda ás federacións deportivas galegas que fosen financiadas, en todo ou en parte, con fondos públicos. Así mesmo, requirirase igual autorización cando as federacións deportivas galegas pretendan comprometer gastos de carácter plurianual ou cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu orzamento, vulneren os criterios que regulamentariamente se determinen. Esta autorización poderase consignar nos contratos programa que poidan ser asinados entre a Administración deportiva autonómica e a federación para o desenvolvemento das súas actividades e funcións*

En este sentido El TÍTULO IV.- RÉXIME ECONÓMICO sufre modificación en sus artículos 27, 28 y 32 quedando redactado de la siguiente manera:

***Artigo.27. Orzamento.***

A Asamblea Xeral da FGT aprobará durante o último trimestre do seu exercicio económico, o orzamento correspondente o seguinte exercicio. Dito

orzamento debe ser equilibrado en non deficitario e enténdese condicionado, no que as subvencións públicas se refire as condición de aprobación dos orzamentos de Galicia. O citado orzamento será remitido á Administración deportiva no prazo dun mes dende a súa aprobación.

A FGT non poderá aprobar orzamentos deficitarios sen a autorización expresa da Administración deportiva autonómica.

Tampouco poderá repartir beneficios entre os membros da FGT.

*Artigo.28. Xestión económica.*

A Federación Galega ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamento e patrimonio, e somete a súa contabilidade e estado económico ou financiero ás prescripcións legais sendo de aplicación, en todo caso, as seguintes regras:

a) Pode promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ó público, debendo aplica-los beneficios económicos, se os houbese, ó desenvolvemento do seu obxecto social.
b) Pode gravar e aliena-los seus bens mobles ou inmobles, tomar diñeiro a préstamos e emitir títulos representativos da débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que os ditos negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou do seu obxecto social. No caso de venta ou gravamen dos bens inmobles cuxa titularidad corresponda a FGT e que fosen financiados en todo ou en parte con fondos públicos, será necesaria a autorización da Administración autonómica.
c) Pode exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servicios e destina-los seus bens e recursos ós mesmos obxectivos deportivos, pero en ningún caso poderán repartir beneficios entre os seus membros.
d) Non poderá comprometer gastos de carácter plurianual, no seu período de mandato, ou cando superen o período de mandato do Presidente sen autorización preva da Administración deportiva de Galicia. Será preceptiva tamén esta autorización previa cando a natureza do gasto, ou a porcentaxe deste en relación co seu presuposto, vulner os criterios que se determinen reglamentariamente.

*Artigo 32. Ingresos de la FGT.*

Constitúen os ingresos da FGT os seguintes:

a) As subvencións que poida recibir do Estado, Xunta de Galicia, Real Federación Española de Tenis, deputacións, concellos ou calquera outra entidade pública ou privada.
b) Os ingresos obtidos por afiliacións, licencias, servicios e outros ingresos que se establezcan, tras a aprobación previa dos órganos correspondentes.
c) A participación que se poida fixar nos ingresos de toda orde que teñan as

asociación, agrupacións, clubs e resto de entidades, tras a aprobación previa da Asamblea Xeral.

d) O importe das sancións e das multas que se produzcan a consecuencia das competicións que a Federación organice, e con ocasión do exercicio da potestade disciplinaria.
e) O beneficio que se obteña por calquera concepto e se produzca en actos, e competicións que se organicen.
f) Os donativos, subvencións e outros ingresos que se deriven do exercicio da actividade propia da FGT.
g) Os préstamos ou créditos que lle sexan concedidos.
h) Os procedentes de calquera actividade legal que a título lucrativo ou por explotación ou arrendamento dos seus bens se produzcan a favor da FGT. Estas actividades poderán ser desenvoltas por sociedades mercantís participativas pola FGT.
i) Calquera outro recurso que poida adquirir por calquera medio válido en dereito.

**DECIMOTERCERA.-** El art. 55. k) de la ley implica la modificación del art. 33º. de los estatutos, en este sentido el TÍTULO V.- RÉXIME DOCUMENTAL quedará redactado como sigue:

***Artigo 33. Disposición única.***

A FGT levará como mínimo os seguinte libros debidamente dilixenciados polo Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

a) O libro de rexistro de membros afiliados a FGT, sendo os deportistas, clubs e sección deportivas. No rexistro de clubs e sección deportivas constará a súa denominación, o seu domicilio social, e o seu número de inscripción no Rexistro de Clubs, Federación e Entidades deportivas da Xunta de Galicia.
b) Libro de Actas, un ou varios, nos que se reflectirán as reunións e acordos tomados pola Asemblea Xeral, a Comisión Delegada da Asemblea e a Xunta Directiva. Poderanse incluir tamén, se así se considera oportuno, as deliberacións e acordos dos diversos Comités.

Nas actas estarán especificados o nome das persoas intervintes e demáis circunstancias que se consideren oportunas: contido dos acordos adoptados, resultados das votacións e, de ser o caso, os votos particulares contrarios ao acordo adoptado.

As actas serán remitidas a tódolos membros do órgano colexiado nun prazo de trinta días, a partir dos cales comenzará a contar o prazo de impugnación. Se transcorridos trinta días dende a súa remisión non foron impugnadas, consideraranse aprobadas.

As actas poderán ser aprobadas ó finalizar as sesión dos Órganos Colexiados da FGT, sen perxuízo da remisión posterior os membros da mesma.

A impugnación das Actas non suspenderá a eficacia dos acordos adoptados. Os votos contrarios ao acordo adoptado ou as abstencións motivadas eximirán a quen os emita de calquera responsabilidade derivada de tales acordos.

Os acordos dos Órganos Colexiados da FGT poderán ser impugnados polos interesados ante os organismos competentes, segundo os disposto neste Estatuto.

c) Os libros de contabilidade.
d) Libro Inventario dos bens mobles e inmobles.
e) Aqueles libros oficiais que por imperativo legal, de índole laboral, administrativo ou de calquera outra orde sexan obrigatorios para a Federación.

En consonancia co previsto no artigo 25 o réxime documental da FGT estará a cargo do secretario, a quen lle corresponde a custodia dos libros da Federación; redactar as actas das reunión dos órganos colexiados e, unha vez aprobadas, asinalas co visto e prace do Presidente; expedir certificacións; remitir as certificacións e acordos que procedan ao Organismo da Xunta con competencias no ámbito deportivo e, en xeral, preparar a resolución e despacho de todos os asuntos.

No caso de ausencia ou imposibilidade física do propio secretario, as súas funcións serán desempeñadas polo propio Presidente da FGT, ou pola persoa en quen este delegue.

A FGT someterá o seu réxime documental ás auditorías que foran establecidas por aplicación das disposicións legais.

Calquera asambleista poderá recabar información e examinar os libros federativos, agás os que conteñan datos relativos á intimidade das persoas. Neste caso elevará escrito ó Presidente da FGT especificando claramente que libro ou libros desexa examinar e o motivo da súa solicitude. O Presidente contestará ó interesado no prazo de 10 días, comunicándolle, no seu caso, o lugar, día, e hora para facer efectivo o exame do libro ou libros solicitados.

O exame dos libros producirase sempre no domicilio social da Federación, e en presenza dun menbro da Xunda Directiva ou dun empregado federativo.

Cando se trate de documentación relativa ó orden do día dunha Asamblea Xeral xa convocada, a solicitude deberase cursar antes dos dez días anteriores á súa celebración e a Federación deberá posibilitar a consulta cando menos con cinco días de antelación.

**DECIMOCUARTA.-** Se modifica el TÍTULO VI.- RÉXIME DISCIPLINARIO incluyendo la creación de dos órganos disciplinarios de la FGT el Comité de Disciplina y el Comité de Apelación.

Se suprime de los Estatutos la sección relativa a sanciones y procedimiento

sancionador debido a que esta parte será desarrollada reglamentariamente y aprobada por la Comisión Delegada como marcan los mismos..

Las modificaciones propuestas quedarían redactadas así:

***Artigo.34. Normativa aplicable.***

O réxime disciplinario da FGT réxese polo previsto na Lei 3/2012 de 2 de Abril do deporte de Galicia, en cantas outras disposicións legais existan agora ou no futuro nesta materia; e polo regulado no presente Título destes estatutos.

*CAPÍTULO DOUS: DOS ÓRGANOS DISCIPLINARIOS DA FGT*

***Artigo 40. Órganos disciplinarios.-***

Os órganos disciplinarios da FGT son o Comité de Competición e o Comité de Apelación. Estes órganos gozarán de independencia respecto dos restantes órganos federativos .

Os membros de ambos órganos deberán ser preferentemente licenciados en Dereito.

O nomeamento e cese corresponderá ó Presidente da FGT debendo ser ratificados pola primeira Asamblea Xeral que se celebre posteriormente ó mesmo.

A súa actuación será independente, sendo incompatible co desenvolvemento de cargos directivos da Federación. Tampouco poderá coincidir nunha mesma persoa a condición de membro de ambos comités.

***Artigo 41. Régimen disciplinario.***

O réxime disciplinario da FGT regularase reglamentariamente, a través dun Código aprobado a tal efecto pola Comisión Delegada.

No caso de imposición de sancións en materia de disciplina deportiva, a adscripción a esta federación implica a aceptación e libre asunción por parte de todos os suxeitos á disciplina deportiva, asumindo que as sancións serán obxeto da debida publicidade.

***Artigo 42. Comité de competición y disciplina deportiva.***

No Comité de Competición da FGT estará integrado un presidente e os vocais que se consideren necesarios que poderán ser auxiliados por un secretario pertencente á Secretaría da FGT. O Comité de Competición será o encargado de coñecer e resolver en primeira instancia:

a) As reclamacións e incidencias que teñan lugar con motivo das competicións de carácter galego
b) Os litixios que se susciten entre xogadores e clubs con motivo da subscripción e expedición de licenzas, que se considerará como materia

disciplinaria cando se aprecie inobservancia das normas, o cal será obxecto da sanción correspondente.

*Artigo 43. Comité de apelación.*

O comité de Apelación da FGT estará integrado por un presidente e dous vocais.

É competencia do Comité de Apelación o coñecemento e resolución en segunda instancia dos recursos interpostos contra as resolucións dictadas polo Comité de Competición da FGT.

As resolucións dictadas polo Comité de Apelación da FGT poderán ser recurridas ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva da Xunta de Galicia, no prazo de 15 días a partir da súa notificación.

**DECIMOQUINTA.-** Se modifican todas las referencias a la antigua ley en todos aquéllos art. en los que aparece mención expresa a la Ley de 1997 para sustituirla por la referencia "Ley 3/2012, de 2 de abril, del deporte de Galicia".